

AO CONCELLO DE CARNOTA

Tomás Manuel Freire Blanco, con documento de identidade nº |||, e con enderezo a efectos de notificación en |||, veciño deste concello, ante o mesmo comparezo e

EXPOÑO:

Que por medio do presente, ao abeiro do disposto no artigo 170 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, formulo **Reclamación** en relación co contido do orzamento municipal para o exercicio 2010, aprobado inicialmente pola Corporación Municipal de Carnota o 14 de maio de 2010 e publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 20 de maio de 2010, reclamación que se basea nas seguintes

ALEGACIÓNS

Primeira.- En canto aos ingresos, os Orzamentos Municipais incumpren o disposto no artigo 162 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non ser unha expresión cifrada, conxunta e sistemática da previsión de ingresos, incumprimento que se deriva do seguinte:

- a. A previsión inicial en determinados conceptos non se adecúa á información dispoñíbel á data actual, o que podería ocasionar un remanente de tesoureiría aínda maior de non materializarse os ingresos pero sí os gastos.
- b. Inclúense nas partidas de Ingresos "Transferencias correntes da Xunta de Galiza", a cantidade de 1.868.000 euros, e en "Transferencias

correntes da Deputación”, 1.362.000 euros que non aparecen xustificadas.

c. Falta, pois, documentación fehaciente que acredite compromisos firmes de achega, en caso de axudas, subvencións, donacións ou outras formas de cesión de recursos por terceiros que se teñen en conta nas previsións iniciais do orzamento.

Todo isto provoca, ademais, que resulte manifesta a insuficiencia dos ingresos con relación aos gastos orzamentados, o que constitúe un motivo de nulidade dos Orzamentos (cfr. Art. 170.2 c) do RDL 2/2004, de 5 de marzo).

Segunda.- Os Orzamentos incumpren o disposto no artigo 170. 2 b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao omitir o crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixíbeis á entidade local, incumprimento que se deriva da falta de rede de saneamento primario en Lariño e da necesidade de completar a totalidade da rede de saneamento secundario no resto do territorio do concello. Sendo competencia e obriga do Concello de Carnota facilitar este servizo aos veciños e veciñas, e ao non existir partida suficiente que permita resolver estas carencias e polo que é necesario unha dotación económica adecuada.

Terceira.- O Real Decreto-Lei 8/2010, de 20 de maio pasado, de medidas extraordinarias para reducir o déficit público, contempla unha redución salarial aos funcionarios e funcionarias, ademais de conxelar as pensións contributivas, o que supón un grave recorte dos dereitos sociais e salariais de traballadores e traballadoras, que a maioría social rexeita.

Que como consecuencia deste decreto do goberno do Estado, impónse a solidariedade cos colectivos afectados: pensionistas e funcionarios e funcionarias, de tal xeito que

os cargos públicos procedan a unha redución dos seus salarios, como é o caso do alcalde cunha percepción de máis de 50.000 euros anuais, o tenente de alcalde con máis de 30.000 e o persoal de confianza con preto de 40.000 euros, para destinar este recorte ao gasto social correspondente.

Non obstante, esta redución solidaria destinada ao gasto social non está recollida nos orzamentos aprobados.

Polo exposto, **SOLICITO**, que teña por presentado este escrito, e na súa virtude, ter por formulada reclamación contra a aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Carnota para o exercicio económico de 2010, acordando a revogación do acordo de aprobación inicial do mesmo e a elaboración dun novo orzamento de acordo co exposto nas alegacións contidas na mesma.

Carnota, 3 de maio de 2010.

Asdo. Tomás Manuel Freire Blanco